

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE SETEMBRO DE 2017**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2017.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual setembro 2017	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en setembro de 2017	20
6.4.	Evolución da precipitación en setembro de 2017	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	27
9	RAIOS	28

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 09/10/2017



Mes frío e seco, con chuvias máis escasas canto máis ao sur.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de setembro estivo caracterizado en xeral pola situación das altas presións preto dos Azores. Dende esa posición o anticiclón non conseguía impedir completamente que chegasen as fronte atlánticas, pero as que tocaron Galicia o fixeron moi debilitadas e afectando principalmente á metade norte. Sen embargo, as temperaturas non foron elevadas ao non haber incursións de aire cálido procedente do norte de África.

Así, o mes comezou nas dúas primeiras xornadas con esa situación anticiclónica débil que non deixou chuvia, pero si algunhas nubes e temperaturas en valores suaves, sen chegar a superar os 30°C no sur da Comunidade e os 25°C no norte.

O día 3 tivemos a visita da primeira fronte débil con algunhas chuvias de escasa intensidade e algo máis xeneralizadas no norte. Esta situación estendeuse ás primeiras horas do día 4, aínda que esa xornada foi cambiando para deixar apertura de claros pola tarde.

Nos seguintes 3 días as altas presións predominaron novamente, con ceos máis abertos canto máis ao sur e temperaturas en ascenso. Sen embargo, de novo na xornada do 8 comezou a entrar aire máis fresco e húmido dende o Atlántico, polo que tivemos algunhas chuvias no litoral que o día 9 se desprazaron a puntos do interior, sempre con carácter débil e ocasional.

Entre os días 10 e 18 entramos nun período con fortes borrascas na zona de Irlanda, manténdose as altas presións no Atlántico na zona dos Azores. Isto fixo que Galicia quedara nunha área intermedia, cunha situación meteorolóxica moi indefinida pero en xeral con ventos de oeste-noroeste. Deste xeito, as temperaturas foron baixas para a época do ano e tivemos un tempo caracterizado pola presenza de nubes e algunhas chuvias que foron algo máis persistentes no norte, producíndose de forma ocasional no sur.

Os días 19 e 20 a situación foi máis anticiclónica e polo tanto o tempo en xeral foi seco e soleado, con ascenso de temperatura. Sen embargo, esa situación anticiclónica non chegou a consolidarse debido á presenza de aire frío no Atlántico localizado entre Islandia e Irlanda, que o día 21 provocou un descenso de temperatura, un aumento das nubes e algunhas chuvias, de novo con carácter feble e que non chegaron a afectar a puntos do interior.

Esta situación cambiante continuou nos derradeiros días do mes. Os días 22 e 23 foron de tempo seco, con ascenso de temperatura, pero o día 24 outra fronte moi debilitada chegaba a Galicia, provocando algunhas chuvias que de novo afectaron ao litoral e metade norte de Galicia. No resto das xornadas do mes, soamente rexistramos algunhas chuvias o 29, quedando no medio días secos e relativamente calorosos, como os días 27 e 28, cando algúns puntos do interior superaron novamente os 30°C.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e en 500 hPa (Figura 2) non se aprecia un patrón definido, confirmando deste xeito a presenza de moitas situacións intermedias entre altas e baixas presións. Así, en superficie vemos unha tendencia a ter presións máis altas do normal ao norte da península Ibérica, o que contribuíu a que non notásemos as borrascas que se moveron pola zona de Irlanda, que se poñen de manifesto nas anomalías negativas a 500 hPa nesa zona.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Setembro-2017.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Setembro-2017.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	SETEMBRO 2017 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.2/18.2	18.5	20.6 (2014)	15.7 (1952)
Tª mínima media	15.2/15.1	15.2	17.1 (2014)	12.2 (1952)
Tª mínima absoluta	11.8/12.0 (día 16)	5.2 (20/09/1938)		
Tª mínima máis alta	19.1/18.6 (día 13)	20.6 (28/09/1990)		
Tª máxima media	21.1/21.4	21.8	23.5 (1987)	19.1 (1952)
Tª máxima absoluta	25.7/25.4 (día 28)	31.4 (22/09/2013)		
Tª máxima máis baixa	18.3/18.0 (día 21)	15.2 (01/09/1956)		
Precipitación acumulada	31	57-113	258 (1932)	3 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	7	8	19 (1933)	1 (1985)

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas máximas e normal para as mínimas. Isto da como resultado un mes lixeiramente frío en canto á temperatura media nesta localidade. A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia foi lixeiramente inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2017 Temperatura: 1948-2017

SANTIAGO

	SETEMBRO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.9	18.3	21.8 (1985)	15.9 (1933)
Tª mínima media	12.3	13.1	15.0 (2016)	11.8 (1996)
Tª mínima absoluta	8.0 (día 16)	3.6 (30/09/1982)		
Tª mínima máis alta	16.6 (día 13)	23.3 (06/09/2016)		
Tª máxima media	21.4	23.5	28.6 (1985)	19.9 (1993)
Tª máxima absoluta	27.3 (día 2)	40.0 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	16.1 (día 21)	12.5 (19/09/2000)		
Precipitación acumulada	34	56-105	263 (1999)	7 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	9	8	17 (1993)	1 (2007)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas resultou frío. A chuvia rexistrada é moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes caracterízase como seco. Destaca sen embargo, que o número de días de chuvia foi lixeiramente superior ao agardado. Isto debeuse en gran parte a escasa intensidade da precipitación da chuvia rexistrada no mes.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2017. Temperatura: 1982-2017



LUGO

	SETEMBRO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.6	17.1	20.4 (1987)	14.0 (1995)
Tª mínima media	10.3	11.0	13.9 (1991)	8.8 (1989)
Tª mínima absoluta	2.9 (día 16)	1.0 (28/09/1993)		
Tª mínima máis alta	16.7 (día 5)	18.0 (01/09/1999)		
Tª máxima media	22.8	23.2	27.8 (1987)	18.9 (1995)
Tª máxima absoluta	28.2 (día 28)	39.4 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	16.9 (día 15)	13.0 (27/09/1992)		
Precipitación acumulada	9	42-66	137 (1986)	0 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	4	7	16 (1995)	2 (1988)

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que para as máximas o mes resultou moi frío.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2017. Temperatura: 1981-2017

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	SETEMBRO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.1	18.7	20.6 (2013)	15.8 (1974)
Tª mínima media	13.0	13.0	14.9 (1959)	10.1 (1963)
Tª mínima absoluta	8.2 (día 16)	3.7 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	17.6 (día 13)	19.0 (24/09/1968)		
Tª máxima media	23.1	24.3	27.5 (1985)	20.7 (1974)
Tª máxima absoluta	29.3 (día 6)	34.9 (06/09/1968)		
Tª máxima máis baixa	23.1	24.3	27.5 (1985)	20.7 (1974)
Precipitación acumulada	35	74-107	268 (1967)	4 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	10	8	18 (1968)	1 (1988)

Comentario: Mes frío en canto ás temperaturas máximas e medias, mentres que as mínimas resultaron normais.

A chuvia rexistrada é moi inferior ao rango de valores normais, caracterizándose o mes como seco. Destaca sen embargo, o número de días de chuvia, superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2017



OURENSE

	SETEMBRO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.9	20.2	22.4 (1985)	16.7 (1974)
Tª mínima media	11.2	12.3	14.8 (1981)	9.7 (1974)
Tª mínima absoluta	4.8 (día 16)	3.0 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	16.7 (día 4)	21.0 (18/09/1981)		
Tª máxima media	26.6	27.5	31.9 (1985)	23.1 (1993)
Tª máxima absoluta	31.5 (día 5)	41.6 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	21.1 (día 16)	15.4 (25/09/1994)		
Precipitación acumulada	7	29-67	227 (1999)	3 (2009)
Días de chuvia (≥1mm)	1	6	12 (1993)	1 (2009)

Comentario: Mes frío para as temperaturas máximas e mínimas, mentres que para a temperatura media este mes resultou moi frío.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando por tanto, un mes moi seco. Isto reflíctese tamén no único día de chuvia rexistrado, que fai que se acade o valor climático histórico mínimo para esta variable.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2017

5 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral por debaixo do normal nesta época do ano, sendo máis acusado este efecto nos valores máximos que nos mínimos. Isto debeuse a que en xeral houbo moitas situacións intermedias entre altas e baixas presións nas que chegaba aire húmido e non demasiado cálido, facendo que as temperaturas non subisen durante a xornada, aínda que as mínimas si eran suaves.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de setembro de 2017.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de setembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 21.3 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente nas zonas altas da Mariña Lucense e nas zonas montañosas das provincias de Lugo e Ourense, con valores próximos aos 14 °C. Por outra banda os valores máis altos déronse principalmente na comarca do Ribeiro e Verín, con valores de máis de 28 °C e gran parte das localidades limítrofes cos ríos Miño e Sil.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de setembro para o territorio galego foi de 10.4 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia, onde se acadaron valores próximos aos 3.5 °C. Os valores máis altos déronse principalmente no litoral cantábrico con valores próximos aos 15.5 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de setembro de 2017.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de setembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de $-0.80\text{ }^{\circ}\text{C}$. Existe un gran contraste entre as zonas que presentaron as anomalías máis altas, como en Verín, onde os valores son practicamente normais ($+0.5^{\circ}\text{C}$) e entre as zonas máis frías, onde destaca o oeste da provincia de A Coruña, con anomalías que nalgúns casos chegan aos -2°C .




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de setembro respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. As anomalías máis altas da Comunidade acadaron valores normais (Táboa 1) e as máis baixas, con -1.5 °C correspóndense as comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra. (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Verín	Ourense	0.4
Vilardevós	Ourense	0.4
Cambre	A Coruña	0.3
Gondomar	Pontevedra	0.3
Riós	Ourense	0.2
Cariño	A Coruña	0.1
Cedeira	A Coruña	0.1
Oímbra	Ourense	0.1
Triacastela	Lugo	0.1
Mondoñedo	Lugo	0.0

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de setembro de 2017.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Porto do Son	A Coruña	-1.7
Coristanco	A Coruña	-1.7
Pobra do Caramiñal	A Coruña	-1.6
Ribeira	A Coruña	-1.6
Fisterra	A Coruña	-1.6
Pontevedra	Pontevedra	-1.6
Corcubión	A Coruña	-1.5
Muros	A Coruña	-1.5
Verea	Ourense	-1.5
Laxe	A Coruña	-1.5

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de setembro de 2017.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2017 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 5 e o 6 acadaron valores por riba dos 30 °C por debaixo dos 1000 m de altitude, mentres que por riba deste limiar, as temperaturas xa foron moito máis baixas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
05/09/2017	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	33.6
05/09/2017	Remuíño	Arnoia	Ourense	33.4
06/09/2017	Areas	Tui	Pontevedra	32.9
05/09/2017	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	32.6
03/09/2017	Verín-Vilamaior	Verín	Ourense	31.7
06/09/2017	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	31.5
05/09/2017	Ourense	Ourense	Ourense	31.5
05/09/2017	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	31.5
06/09/2017	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	31.4
06/09/2017	As Petarelas	Rubiá	Ourense	31.4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2017 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
05/09/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	29.0
07/09/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	27.2
07/09/2017	Xurés	Muiños	Ourense	25.9
28/09/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	25.0
03/09/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	24.6
05/09/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	24.2
07/09/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	23.8
03/09/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	23.7
28/09/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	22.7
05/09/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	21.7

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2017 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2017 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas do 16 e o 17 foron as máis frías do mes, tendo en conta as dúas altitudes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
16/09/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	-0.7
16/09/2017	Xares	A Veiga	Ourense	-0.6
16/09/2017	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-0.5
16/09/2017	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	-0.3
17/09/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	0.8
16/09/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	1.7
16/09/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	1.9
16/09/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	2.2
15/09/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.6
16/09/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.7

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2017 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/09/2017	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-3.3
16/09/2017	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-0.8
17/09/2017	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	0.1
16/09/2017	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	0.3
17/09/2017	Baltar	Baltar	Ourense	1.0
08/09/2017	Lanzós	Vilalba	Lugo	1.5
16/09/2017	Portomarín	Portomarín	Lugo	2.2
17/09/2017	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	2.5
16/09/2017	As Petarelas	Rubiá	Ourense	2.5
16/09/2017	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	2.7

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2017 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2017.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017 para esta serie foi 17.1 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2017 para setembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.98°C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como frío. Isto debeuse tanto as temperaturas máximas, que presentaron unha anomalía de -1.20 °C, mentres que as mínimas estiveron tiveron unha anomalía de -0.75 °C. Este foi o setembro máis frío dos últimos 21 anos e cunha anomalía similar á do setembro de 2008.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en setembro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas durante o mes foron en xeral escasas, a pesar da chegada de numerosos sistemas frontais. Pero esas fronteas chegaron moi debilitadas pola presenza das altas presións, polo que as cantidades de chuvia que deixaban era escasas e ningunha fronte foi capaz de provocar chuvia xeneralizada. A escaseza foi polo tanto máis acusada no sur e leste da provincia de Ourense onde tivemos puntos nos que non houbo precipitacións durante todo o mes

A chuvia media no mes de setembro obtida a partir dos valores do mapa (figura 4) foi de 32 L/m², resultando un mes de setembro seco na metade norte da Comunidade e moi seco na metade sur. Tamén se pode observar como nalgunhas rexións da provincia de Ourense, mesmo non se registrou precipitación. Os valores máis altos na comarca de Ferrol acadaron os 113 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual setembro 2017




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de setembro de 2017.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de setembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 62 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Tan só na Mariña máis costeira se observa que as chuvias acadaron valores normais ou lixeiramente húmidos (26% por riba do normal). Pero gran parte da Comunidade presenta anomalías por debaixo das normais, resultando gran parte das provincias de Ourense e mesmo de Pontevedra moi secas (non se chega ao 20% da precipitación normal para un mes de setembro).




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de setembro de 2017.

6.3. Días de chuvia en setembro de 2017

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 8.2. Os valores máximos obtivéronse nas Rías altas Ferrolterra e Rías altas A Coruña e As Mariñas, con valores próximos aos 17 días. No sur da provincia de Ourense, mesmo non se chegou a rexistrar ningún día de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de setembro de 2017.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de setembro. A zona da Mariña Laguesa presentou os valores máis elevados de precipitación. As xornadas máis chuviosas foron as do 20 e o 21, afectando principalmente ao norte da Comunidade.

Precipitacións acumuladas máximas en setembro de 2017			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Burela	Burela	Lugo	113
Labrada	Abadín	Lugo	90
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	88
Borreiros	Viveiro	Lugo	84
Baltar	Baltar	Ourense	79
Fragavella	Abadín	Lugo	75
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	72
Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	61
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	60
Arzúa	Arzúa	A Coruña	58

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de setembro de 2017.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	26	03/09/2017 10:00
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	24	21/09/2017 05:10
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	21	20/09/2017 21:30
Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	20	20/09/2017 21:40
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	19	17/09/2017 15:40
Rus	CARBALLO	A Coruña	19	20/09/2017 11:30
Lira	CARNOTA	A Coruña	19	20/09/2017 13:20
Burela	CERVO	Lugo	18	21/09/2017 06:10
Muralla	LOUSAME	A Coruña	18	03/09/2017 13:10
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	18	20/09/2017 12:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de setembro de 2017.

6.4. Evolución da precipitación en setembro de 2017

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017, para esta serie, foi 27 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2017 para setembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 67 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como seco, tendo en conta a totalidade da Comunidade. O precedente máis seco foi setembro de 2011.












Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en setembro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Neste mes de setembro en ningunha estación se superou o valor de refacho máximo de vento de 100 km/h. Destacan as elevadas porcentaxes de calmas que presentan as estacións.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	63.6	NE	15		
		Día 1				
Pta. Candieira	Cedeira	80.8	SO	11		
		Día 18				
Malpica	Malpica	58.4	O	7		
		Día 3				
Marco da Curra	Monfero	50.6	SO	6		
		Día 17				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Setembro de 2017 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	60.9	SO	14		
		Día 14				
Ancares	Cervantes	55.4	NE	13		
		Día 23				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Setembro de 2017 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	47.2	O	17		
		Día 3				
Rodicio	Maceda	62.0	NE	17		
		Día 14				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	45.5	NO	52		
		Día 9				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Setembro de 2017 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	74.8	N	19		
		Día 1				
Ons	Bueu	54.4	NO	11		
		Día 7				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de setembro de 2017 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de setembro de 2017.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de setembro tan só dous raios o día 21 (figura 15). Estes rexistráronse na provincia de Ourense.



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en Setembro de 2017.

Na figura 16, pódese ver o total de raios rexistrados en setembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2017. Nesta gráfica pódese observar que o valor rexistrado este ano foi o máis baixo da serie, se ben cabe salientar que se trata dun período bastante pequeno de tempo.




Figura 16: Número total de raios rexistrados en setembro dende 2010 a 2017.



MeteoGalicia

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Xunta de Galicia



Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2017 Mes: 9

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Lluvia	Helada	
Lugo																											
A Pontenova	15.4	20.89	27.3	28	11.8	7.8	16	55	9.2	21	-	83	96	56	42	158	1325	13	56	18	-	-	-	-	15	0	
Abradelo	14.3	21.32	26.7	3	9.3	4.8	16	36	8.5	24	-	77	97	47	55	205	1581	-	-	-	-	-	-	-	13	0	
Alto de Cerredo	12.9	17.73	23.4	28	9.5	5.1	16	40	8.2	24	-	84	99	59	-	-	-	5	48	9	911	-	-	-	14	0	
*Alto do Faro	13.3	18.49	23.7	2	9.2	4.6	17	28	9.3	17	-	83	99	55	-	-	-	6	38	26	925	-	-	-	11	0	
*Alto do Poio	11.7	16.07	21.5	3	8.0	2.7	16	55	7.8	3	-	78	97	52	-	-	-	7	49	14	-	-	-	-	14	0	
Ancares	11.9	16.93	22.7	28	8.0	1.9	16	41	6.6	24	-59	76	97	50	57	212	1591	13	55	23	868	-	-	-	13	0	
*Borreiros	16.4	21.79	26.3	5	11.9	7.7	15	71	13.6	21	-7	83	96	59	41	154	1276	4	37	3	1012	-	-	-	16	0	
Bóveda	16.2	24.71	29.8	3	9.8	3.7	16	15	7.0	17	-89	73	95	39	58	215	1616	5	42	1	970	-	-	-	8	0	
Burela	15.5	18.81	23.0	27	13.2	9.4	16	72	15.4	21	-10	83	95	64	43	163	1333	10	60	14	-	-	-	-	17	0	
Campus Lugo	15.7	22.81	28.2	28	10.3	2.9	16	9	1.8	9	-80	79	97	46	45	170	1444	4	38	1	974	-	-	-	9	0	
Castro R. de Lea	15.0	22.01	28.1	28	9.3	3.4	16	15	4.2	21	-	82	97	52	44	165	1347	-	-	-	971	-	-	-	10	0	
Conchada	15.8	23.74	29.2	28	10.4	4.4	16	23	4.3	9	-	77	99	45	63	235	1755	-	-	-	-	-	-	-	9	0	
Corno do Boi	13.6	18.92	24.7	2	10.1	6.2	16	38	5.6	24	-37	87	100	59	48	181	1371	12	50	3	-	-	-	-	18	0	
Courel	14.9	21.85	27.6	28	9.2	4.4	7	30	4.3	4	-78	71	96	41	--	--	1603	6	57	9	932	-	-	-	12	0	
*Fontaneira	13.2	18.92	24.6	28	9.2	4.4	16	45	10.2	24	-39	85	99	59	48	180	1491	3	26	9	914	-	-	-	12	0	
Foz	16.7	21.36	26.5	27	12.6	8.9	16	41	9.2	15	-43	81	94	62	43	161	1332	9	51	10	1012	-	-	-	13	0	
Fragavella	14.0	18.25	24.0	28	10.2	5.2	16	46	8.8	21	-29	88	99	67	49	182	1391	12	62	17	951	-	-	-	16	0	
Guitiriz-Mirador	13.8	18.87	24.1	2	10.6	6.9	15	41	6.1	17	-33	87	100	60	44	165	1301	9	48	23	942	-	-	-	20	0	
*Labrada	13.7	17.97	23.6	5	10.6	6.6	16	58	11.0	18	-19	85	98	62	44	166	1362	8	39	3	-	-	-	-	19	0	
*Lanzós	13.6	20	25.9	28	7.5	1.5	8	44	7.4	21	-	85	97	60	-	-	-	3	36	3	965	-	-	-	16	0	
*Lourenzá	16.8	23.23	28.8	28	11.3	6.7	20	56	19.6	21	-	82	98	57	-	-	-	3	40	18	-	-	-	-	11	0	
Marroxo	15.7	22.59	27.4	28	11.0	6.0	16	15	5.4	17	-86	75	96	43	57	211	1595	4	34	14	947	-	-	-	7	0	
*Millara	17.2	25.69	30.7	28	11.5	6.0	17	9	3.4	17	-	74	97	40	-	-	-	5	56	9	-	-	-	-	5	0	
*Morelle	15.7	23.43	29.0	3	9.2	3.2	16	20	6.8	24	-58	79	99	47	36	134	1246	3	30	1	972	-	-	-	11	0	
O Cebreiro	11.7	18.19	23.7	3	7.2	2.6	15	30	8.1	24	-61	82	99	54	59	221	1657	14	58	9	874	-	-	-	14	0	
O Xipro	14.0	20.42	26.2	28	9.6	5.3	16	41	6.6	9	-42	85	100	52	48	179	1440	9	44	3	930	-	-	-	15	0	
*Olveda	14.4	20.83	26.6	2	9.6	4.9	16	19	7.1	17	-66	86	100	58	49	185	1536	5	32	1	-	-	-	-	13	0	
Pedro Murias	17.5	21.43	27.2	27	13.8	10.5	16	61	21.4	21	-46	75	86	61	42	157	1254	8	52	18	1015	-	-	-	16	0	
Penedo do Galo	14.1	17.25	22.6	28	12.0	8.3	16	80	19.9	21	10	87	98	69	40	152	1271	21	76	3	-	-	-	-	16	0	
Pol	14.4	20.33	25.9	5	10.4	5.9	16	25	4.8	14	-	83	100	51	48	179	1435	-	-	-	945	-	-	-	13	0	
Portomarín	15.7	23.6	29.1	3	9.6	2.2	16	15	4.6	17	-	80	99	47	45	170	1330	-	-	-	969	-	-	-	10	0	
Sambreixo	14.2	20.86	25.9	2	8.6	2.7	16	31	7.6	21	-	83	96	55	44	166	1354	-	-	-	-	-	-	-	11	0	
*San Clodio	17.4	26.03	31.1	28	10.4	3.9	16	15	3.6	17	-	72	97	37	-	-	-	3	30	14	990	-	-	-	9	0	
*San Fiz	16.3	23.23	28.5	3	11.1	5.8	17	12	7.7	17	-83	78	97	49	51	193	1633	6	38	3	974	-	-	-	7	0	
Ventosa	13.5	19.89	25.8	28	8.4	3.4	16	26	5.8	24	-67	78	97	48	56	209	1572	9	49	24	916	-	-	-	14	0	
*Vilamor	16.6	22.18	27.9	28	11.6	7.2	20	29	7.9	21	-55	77	91	53	43	160	1331	3	31	9	-	-	-	-	11	0	
*Xabrega	16.7	25.07	29.4	28	10.4	4.6	16	8	4.9	17	-100	72	92	38	54	203	1626	4	33	28	983	-	-	-	4	0	

* Mide la velocidad del viento a menos de 10 metros.

--No hay datos

- No se mide este parámetro en esta estación.



Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2017 Mes: 9

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Lluvia	Helada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	15.8	21	25.7	7	11.2	6.0	16	40	10.2	3	-54	80	91	60	54	201	1561	5	37	6	-	-	-	-	13	0	
A Granxa	17.0	25.14	31.5	6	9.8	4.1	16	16	3.4	24	-86	78	97	47	60	224	1650	3	34	11	1016	-	-	-	11	0	
A Lanzada	16.7	21.24	27.3	7	12.9	8.1	17	29	4.8	3	-67	85	97	65	61	227	1636	12	53	1	-	-	-	-	12	0	
*Areas	17.7	26.64	32.9	6	11.8	6.7	16	14	3.2	24	-	77	97	45	-	-	-	1	26	1	-	-	-	-	10	0	
*Areiro	16.9	21.98	27.1	7	12.6	8.2	17	20	4.5	12	-	80	94	60	-	-	-	3	31	1	1011	-	-	-	10	0	
*As Eiras	17.5	24.04	31.2	7	12.0	7.0	16	13	5.2	18	-86	78	96	52	51	192	1573	3	37	14	1014	-	-	-	7	0	
*Barrantes	16.6	22.48	27.4	7	11.1	5.3	17	34	4.8	24	-55	83	97	60	56	211	1499	2	31	6	-	-	-	-	11	0	
Cabo Udra	16.8	20.99	25.5	7	13.8	10.6	16	20	4.2	3	-79	84	95	65	60	225	1660	10	53	14	-	-	-	-	9	0	
Caldas de Reis	16.4	21.92	27.0	2	12.7	8.0	16	46	10.2	3	-59	68	91	38	49	185	1489	7	50	6	989	-	-	-	13	0	
*Camanzo	16.5	23.03	29.2	2	11.2	4.6	16	15	3.3	24	-78	79	96	54	50	186	1486	4	39	3	996	-	-	-	8	0	
Cangas-Porto	17.2	20.78	26.4	6	14.3	10.7	16	22	5.8	12	-	79	92	60	-	-	-	7	45	6	-	-	-	-	10	0	
Castro Vicaludo	15.5	19.01	26.5	7	12.7	9.6	16	20	4.0	4	-80	81	96	61	63	234	1732	11	54	14	965	-	-	-	11	0	
Castrove	15.5	20.2	25.1	2	12.3	9.0	16	56	15.9	3	-31	82	96	62	45	169	1402	9	69	6	970	-	-	-	13	0	
*Cequeliños	18.0	26.68	31.3	5	12.0	6.4	17	6	2.2	24	-113	72	95	40	61	229	1697	6	32	23	-	-	-	-	5	0	
Corón	17.1	20.42	23.5	6	14.3	10.3	16	41	9.2	24	-61	81	93	63	60	223	1654	13	65	7	1018	-	-	-	11	0	
*Entenza	17.5	25.14	31.4	6	11.6	6.2	17	11	2.0	4	-91	78	98	47	53	197	1613	1	35	15	-	-	-	-	8	0	
Fornelos de Montes	15.1	19.84	27.3	7	11.7	7.4	16	37	6.8	3	-60	79	96	56	58	215	1535	12	74	1	939	-	-	-	14	0	
Illas Cíes	16.9	20.47	26.0	6	14.3	11.6	16	16	3.4	21	-81	87	97	71	61	228	1699	8	51	14	-	-	-	-	10	0	
Lalín	14.9	20.83	26.1	5	10.1	4.8	16	20	5.5	17	-	80	98	52	-	-	-	8	46	1	-	-	-	-	11	0	
*Louredo	16.1	22.16	27.8	6	11.9	8.1	17	20	3.5	3	-	84	98	61	-	-	-	2	25	16	992	-	-	-	11	0	
Lourizán	17.6	23.13	29.3	6	13.0	8.2	16	35	7.2	3	-57	84	98	61	52	194	1490	3	32	8	1014	-	-	-	12	0	
*Meder	17.7	25.46	31.1	7	12.1	7.4	17	14	1.8	11	-	71	91	42	-	-	-	1	21	14	1003	-	-	-	12	0	
Monte Aloia	15.9	21.83	29.5	7	12.1	8.4	16	32	8.2	12	-66	82	98	57	51	191	1581	6	39	21	964	-	-	-	13	0	
Mouriscade	14.5	22	26.7	28	7.7	0.3	16	16	5.0	17	-79	81	93	60	56	210	1622	5	36	9	962	-	-	-	10	0	
O Viso	16.9	24.7	30.4	7	12.2	8.7	17	28	4.2	21	-77	76	94	48	58	215	1569	7	44	15	989	-	-	-	13	0	
Ons	16.4	20.13	24.0	2	13.7	10.9	16	24	4.0	3	-73	87	97	69	65	243	1781	15	54	7	1007	-	-	-	13	0	
*Pé Redondo	17.4	22.61	26.9	6	13.3	9.7	16	34	5.0	3	-50	83	96	61	46	173	1340	1	34	6	-	-	-	-	12	0	
Pereira	13.9	19.25	24.3	2	10.1	5.8	17	39	6.4	24	-	85	99	59	56	208	1601	-	-	-	939	-	-	-	16	0	
*Ponte Caldelas	15.9	21.35	27.2	7	11.0	5.2	17	30	4.4	3	-68	77	92	54	58	217	1551	5	39	1	979	-	-	-	13	0	
Pontevedra-Campolongo	18.2	24.84	29.5	6	13.2	8.0	16	36	7.3	3	-	76	93	51	-	-	-	2	32	14	-	-	-	-	11	0	
Queimadelos	17.1	24.59	31.2	7	12.8	8.7	17	20	3.0	21	-59	76	94	49	39	146	1284	-	34	5	977	-	-	-	11	0	
Rebordelo	15.2	21.7	27.7	7	9.3	3.6	17	44	12.7	3	-	83	98	55	56	209	1542	-	-	-	979	-	-	-	13	0	
Sanxenxo	17.5	22.09	28.1	6	13.6	9.8	16	29	6.2	3	-69	78	93	56	57	212	1570	3	33	9	1017	-	-	-	13	0	
Serra do Faro	13.1	18.13	23.2	3	9.8	4.9	16	23	4.2	17	-73	79	96	52	57	214	1585	15	62	2	908	-	-	-	13	0	
*Simes	17.1	23.33	27.7	2	11.6	7.3	16	22	4.7	3	-75	81	96	57	59	219	1640	-	28	-	-	-	-	-	13	0	
*Soutomaior	16.9	22.67	29.1	6	12.8	8.3	17	23	4.1	21	-	72	87	49	-	-	-	3	45	10	1000	-	-	-	12	0	
*Torrequeintás	17.5	22.98	27.8	6	12.8	7.6	16	34	7.0	3	-65	73	87	51	54	200	1488	4	30	1	1012	-	-	-	11	0	
*Tremoedo	17.3	22.07	25.9	7	13.0	8.3	16	31	5.5	3	-	74	88	54	-	-	-	4	37	1	1013	-	-	-	9	0	

* Mide la velocidad del viento a menos de 10 metros.

--No hay datos

- No se mide este parámetro en esta estación.

Vigo	17.5	22.48	28.5	6	13.6	9.2	16	21	5.0	12	-	77	93	55	-	-	-	-	-	-	12	0	
Vigo-Campus	15.9	19.43	25.4	6	13.2	9.4	16	30	7.5	12	-73	78	95	57	62	231	1688	5	37	1	967	11	0
Xesteiras	13.4	17.32	22.1	2	10.6	7.4	16	79	22.6	3	-	86	98	65	-	-	-	20	77	1	-	19	0

* Mide la velocidad del viento a menos de 10 metros.

--No hay datos

- No se mide este parámetro en esta estación.